

Tres artistas ilustrarán A Coruña con murais sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

- O Fondo Galego de Cooperación organizou a terceira edición do concurso 'Muros que unen' financiado polo Concello para promover as metas da ONU
- 'Riaq Miuq', Delio Rodríguez e Doa Ocampo convidan a reflexionar sobre a loita contra a fame, o acceso á auga e as enerxías limpas a través das súas obras

A Coruña, 27 de novembro de 2020. Tres artistas fomentarán a reflexión sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU pintando a fachada do Polideportivo de Labañou tras gañar o **III Certame de murais arredor dos ODS 'Muros que unen'**, organizado polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) co financiamento do Concello da Coruña. As propostas de 'Riaq Miuq', Delio Rodríguez e Doa Ocampo resultaron ser as que mellor ilustraban os ODS número 2, 6 e 7, que promoven, respectivamente, a loita contra a fame, o acceso á auga e as enerxías limpas.

Así o decidiu o xurado, integrado polos artistas Miguel Cajaraville, Julia Lago e Marcos Fernández 'Maz', vencedores da anterior edición do concurso, canda unha representante do Fondo Galego e outra do Concello. Ao certame presentáronse 29 candidaturas de 34 artistas -en cinco casos ían a dúo-, dos que 10 eran mulleres. **Recibíronse un total de 41 bosquexos, batendo todos os récords** destas tres edicións. Os tres seleccionados faranse realidade a partir do vindeiro luns no frontal do pavillón, con 22 metros de lonxitude.

A obra '**Sementar, sachar e colleitar**', de Joaquim Orriols, alias 'Riaq Miuq', resultou escollida para representar o ODS2: pór fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable. O xurado valorou a capacidade da proposta para escenificar este último aspecto, así como o singular estilo propio que amosa o autor, tanto nos seus recoñecibles trazos como no emprego da monocromía en azul. O artista catalán, afincado en Betanzos, baséase nos principios do cultivo tradicional para facer fincapé no coidado das persoas e da terra, como elementos inseparables para un benestar común.

O vigués Delio Rodríguez, residente en Boqueixón, vai ilustrar con '**Auga en botella**' o ODS6: garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para toda a poboación. O bosquexo remítenos á necesidade de facer fronte á escaseza do líquido elemento e posibilitar o acceso tanto agora como para as futuras xeracións, entre outras medidas protexendo os ecosistemas. A través dun minucioso debuxo, a obra lévanos a un futuro distópico cunha mensaxe que impacta visualmente. O autor busca deste xeito trasladar unha crítica sobre o desmedido consumo dos recursos naturais que se está a producir.

‘**Rodearse da natureza**’, de Doa Ocampo, foi o deseño seleccionado para simbolizar o ODS7: garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna para toda a poboación. A artista de Sober reinterpreta a dispoñibilidade de enerxía non contaminante simbolizándoa nas plantas, fonte enerxética esencial para a vida. Amais da execución técnica, os membros do xurado tiveron en conta a capacidade evocadora da obra, que mesmo é quen de situar ao espectador no banco baleiro que se coloca no centro. Para a autora, trátase dunha escena que presenta o lugar onde estar o ser humano, convivindo en harmonía coa natureza como fonte de enerxía e de vida.

O xurado quixo salientar ademais a diversidade dos traballos seleccionados, que ofrecen gran **variedade de estilos e cores** e que están asinados tanto por homes como por mulleres. A través dos tres murais, premiados con 2.000 euros cada un, emprégase a arte urbana para difundir os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados polos Estados membros da ONU a finais de 2015 para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade da poboación no horizonte de 2030. A fin de **fomentar tamén o pensamento crítico e a participación cidadá** na construción de cidades inclusivas, ‘Muros que unen’ encádrase no convenio asinado entre o Fondo Galego e o Concello da Coruña, que destina así 20.000 euros á realización de actividades de sensibilización fronte as desigualdades.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 98 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, desde a súa fundación en 1997 o Fondo Galego ten desenvolvido 170 proxectos en 32 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 616 145 077

comunicacion@fondogalego.gal

